

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: XUNTA GOBERNO LOCAL SESIÓN ORDINARIA 20250909

EXPEDIENTE:2025/G003/001428

EXPEDIENTE: 2025/G007/000017

De acordo co decreto da alcaldía núm. 899/2023 de data 26 de xuño de 2023, a Xunta de Goberno Local celebra sesións ordinarias o segundo e cuarto martes de cada mes ás 9:30 horas (nove e media da mañá).

Enterado da relación de expedientes e logo de ver os artigos 81, 82.1 e 113 do ROF e preceptos concordantes;

RESOLVO

Primeiro.- Convocar a sesión **ORDINARIA** da Xunta de Goberno Local o día **9 DE SETEMBRO DE 2025 (martes), ás 09:30 horas (nove e media da mañá), na sala de xuntanzas da alcaldía da Casa do Concello**, en primeira convocatoria e, de non haber “quorum” suficiente, en segunda convocatoria unha hora despois, coa seguinte

ORDE DO DÍA

ASUNTO/S
1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIORES: - ORDINARIA núm. 2025/15, do 26 de agosto de 2025
2.-LICENZAS DE OBRA: A) Expediente nº: 2025/U022/000026 Promotor: UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD S.A. Obra: RBTS - VILAR ARRIBA, 0 (SANTA COMBA), con código SGD: 618225010264. Situación: A Pereira Licenza de obra nº: 30/25 B)Expediente nº: 2025/U022/000021 Promotor: GANADERÍA CABILA SC Obra: Construción de silos para almacenar forraxe en verde e plataforma de formigón así como modificación de licenza 7/25 por cambio de ubicación de silo en novas instalacións de explotación gandeira existente que recolle ademais as obras de construción de establo e obras anexas, fosa de purín. Situación: Lg. Rebordelos. Cícere Licenza de obra nº: 31/25 C) Expediente nº: 2023/U022/000031 Promotor: CELTIGOS SCG Obra: “PROXECTO MELLORA DE EXPLOTACION GANDEIRA EXISTENTE MEDIANTE CUBRICION DE FOSA DE PURIN” Situación: Vilar de Céltigos. Grixoa Licenza de obra nº: 32/25
3.-DAR CONTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL DOS EXPEDIENTES DE COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRA INFORMADOS FAVORABLEMENTE POLA TÉCNICO MUNICIPAL.

4- CORRESPONDENCIA OFICIAL E INFORMACIÓNS DA ALCALDÍA.**5.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Segundo.- Pola secretaría levaranse a cabo os trámites necesarios para a notificación dos membros da Xunta de Goberno Local, que deseguido se relacionan, quedando notificado/s coa sinatura/remisión da notificación do presente decreto

ALBERTO ROMAR LANDEIRA	PsdeG-PSOE	NOTIFICADO POLA POLICÍA LOCAL
NOELIA BALEATO TOJA	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
PATRICIA VAL ANTELO	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
PABLO NEGREIRA SOUTO	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
CARLOS TURNES ROMERO	PSdeG-PSOE	NOTIFICADO POLA POLICÍA LOCAL

A acta da sesión ordinaria núm. 2025/15, do 26 de agosto de 2025, foi remitida por escrito da secretaría asinado con data 26/08/2025 ,registro de saída núm. 202500000003024-27/08/2025.

Esta resolución notifícase en cumprimento do artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, coa indicación que:

Esta resolución, ao abeiro do art. 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa e contra ela poderá optar por:

a) Interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición perante este órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución, nos termos dos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

b) Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou directamente, poderá interporse recurso contencioso administrativo, ante os xulgados do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses contados desde a resolución expresa do recurso de reposición ou 6 meses dende a súa resolución presunta. No caso de interporse o recurso contencioso-administrativo directamente, o prazo será de dous meses contados dende a notificación deste acto.

c) O recurso extraordinario de revisión, de acordo co art. 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

Santa Comba, na data da sinatura dixital

O alcalde,

Alberto Romar Landeira

Dou fe,a secretaria xeral

Cristina Alonso Losada